

Grammar

ORACIONES DE RELATIVO (RELATIVE CLAUSES)

DEFINICIÓN E TIPOS

Son oracións que funcionan como un adxectivo complementando o significado do seu antecedente. Existen dous tipos:

- Especificativas (Defining): definen ou restrinxen o seu antecedente, non van entre comas, e o pronome relativo que as introduce pódese omitir se funciona como obxecto dentro da oración.

The person **[who lives next door]** is a policeman → A persoa que vive ao lado é policía

The man **[(who) we saw in the park]** is a policeman

↓
(Pódese omitir)

- Explicativas (Non-defining): nin definen nin restrinxen o seu antecedente porque este xa está delimitado. Simplemente engaden información adicional que podería omitirse sen afectar ao sentido xeral da frase. Adoitan ir entre comas e non admiten nin o pronome relativo 'that' nin a omisión do pronome.

John, **[who lives next door]**, is a policeman → Xoán, o que vive ao lado, é policía.

PRONOMES

O tipo de pronome a utilizar varía dependendo por un lado da natureza do antecedente, e por outro da función sintáctica que desempeña na oración.

	SUXEITO	OBXECTO	POSESIVO	LUGAR
PERSOAS	WHO THAT	WHO WHOM* THAT	WHOSE	X
COUSAS OU ANIMAIS	WHICH THAT	WHICH THAT	WHOSE OF WHICH	WHERE

*Nota: detrás de preposición con persoas debe usarse WHOM

Exemplo:

- The person [who/that taught me English] is American
(antecedente: persoa, suxeito)
- The person [who/whom/that/Ø I taught Spanish] is American
(antecedente: persoa, obxecto)
- The children [whose parents died in a car accident] are American
(antecedente: persoa, posesivo)
- The dog [which/that is barking] is mine
(antecedente: animal, suxeito)
- What breed is the dog [which/that/Ø you bought in China]?
(antecedente: animal, obxecto)
- The dog [whose house we are building in the garden] is very old
The dog [the house of which we are building in the garden] is very old
(antecedente: animal, posesivo)
- That is the shop [where I bought the drinks]
(antecedente: lugar)

Using English

MAKING A TELEPHONE CALL

A linguaxe que se utiliza ao facer unha chamada de teléfono en inglés é bastante coloquial e diferente á que se utiliza en castelán. Por iso é necesario que aprendas as seguintes indicacións ao respecto.

<p>ANSWERING THE PHONE</p> <p>664-8965? <i>Dicindo o número de teléfono</i> Hello, Johnson ' s Ltd. How can I help you <i>Ola, Johnson's Ltd. En que podo axudalo?</i></p>	<p>ANSWERING THE PHONE</p> <p>This is John Smith <i>Son John Smith</i> John Smith speaking <i>Son John Smith</i></p>
<p>ASKING FOR SOMEONE</p> <p>Can I speak to John? <i>Podo falar con John?</i> Is John in? <i>Está John?</i> Can I have extension 42? <i>Pode pasarme coa extensión 42?</i></p>	<p>TAKING A MESSAGE</p> <p>Could I take a message? <i>Quere deixar unha mensaxe?</i> Would you like to leave a message? <i>Quere deixar unha mensaxe?</i> Can I leave a message? <i>Podo deixar unha mensaxe?</i></p>

USEFUL SENTENCES

Escuse me, who is this?	—	<i>Desculpe, quen é vostede?</i>
Can I have a reverse-charged call?	—	<i>Podo facer unha chamada a cobramento revertido?</i>
Can I ask who is calling, please?	—	<i>Podo saber quen chama, por favor?</i>
I'll put you through	—	<i>Pásolle</i>
Can you hold on a moment?	—	<i>Pode esperar un momento?</i>
I 'm afraid... is not available at the moment	—	<i>Temo que... agora non se pode poñer</i>
The line is busy	—	<i>Está a comunicar</i>
Mr Brown isn ' t in...	—	<i>O Señor Brown non está</i>
Mr Brown is out at the moment...	—	<i>O señor Brown saú</i>

Writing: An Instructive text

Un texto instrutivo é aquel no que se dan unha serie de pautas ou instrucións a seguir polo lector. Os textos instrutivos máis usuais son as receitas e os libros de instrucións para o manexo de calquera aparato. Á hora de elaborar o devandito tipo de textos debes ter en conta as seguintes indicacións:

1. Se claro e explícito.
2. Proporciona instrucións precisas.
3. Utiliza unha ordenación secuenciada que se corresponda co desenvolvemento temporal das instrucións dadas.
4. Usa o imperativo nas súas formas afirmativa (infinitivo sen 'to') e negativa (DON'T+ infinitivo sen 'to') respectivamente.



A continuación inclúese un modelo de texto instrutivo. Trátase das instrucións que proporciona IBERIA para realizar unha chamada telefónica durante o voo.

AN INSTRUCTIVE TEXT: TELEPHONE ON BOARD

To make a call, first press and hold ON/OFF button until the LCD lights. Second, press LANGUAGE button to select Spanish or English. Then, move credit card down throughout the slot. Finally, dial your number. If you key a wrong number, press CLEAR to clear the last digit entered.

Pronunciation

Os sons /w/ /j/

As grafías 'w' e 'y' unhas veces teñen comportamento vocálico e outras consonántico. Por iso chámanse semivogais ou semiconsoantes. En posición inicial e detrás de consoante funcionan como unha consoante e responden aos sons estudados nesta unidade.

O son / w / wet /wet/ away /e' weɪ/

O son / j / yet /jet/ beyond /bɪ' jɒnd/

Porén en posición final funcionan como vogais e combínanse dando lugar a sons de ditongos que se estudan na seguinte unidade. Nos seguintes exemplos vemos como as devanditas grafías na mesma palabra funcionan como consoantes ao inicio e como vogais ao final.

Window /wɪndəʊ /

Yesterday /'jestədeɪ/

Silent Letters

O termo utilízase para referirse a aquelas consoantes que aínda estando presentes na escritura do vocábulo non se pronuncian. Revisemos algúns exemplos:

B en —→ doubt

C en —→ muscle/ castle

G en —→ sign/ gnaw

GH en —→ ought to / light / high

H en —→ honest/ exhausted/ which

K en —→ know

L en —→ half/ talk

M en —→ mnemonic

N en —→ autumn/ government

P en —→ pneumonia

R en Br.Eng. só se pronuncia diante de vogal ou ao final de palabra cando a próxima palabra da oración empeza por vogal —→ car/ car

S en —→ island/ aisle

T en —→ fasten/ often/ ballet

W en —→ wrong/ answer

X —→ en faux pas

Vocabulary

Adage: adaxio, dito

Amuse (-ed): facer graza, divertir

Blunder: metedura de pata, erro grande

Brighten (-ed): animar

Burst out (pret, pp. burst /): romper a, botarse a

Challenge (-ed): desafiar

Chaos: caos

Chuckle (-ed): rirse para un mesmo, con risa afogada

Crack (-ed): abrirse rompendo

Disrespectful: irrespectuoso

Ease (-ed): aliviar, reducir

Elicit (-ed): provocar

Failure: fracaso

Funny Bone: óso da sogra (cóbado)

Giggle (-ed): rirse parvamente

Grin (-ed): sorrir de orella a orella

Guffaw: rir a gargalladas

Hole: burato

Laughter: risa

Matter: asunto

Mock (-ed): burlarse de, mofarse de

Outlook: perspectiva, punto de vista

Poll: enquisa, sondaxe

Punch line: final dun chiste

Rib: costela

Riddle: adiviña

Rhythm: ritmo

Shortage: escaseza

Slapstick: pallasada

Split (pret., pp. split): partirse

Sponge: esponxa

Subtle: sutil

Surgeon: cirurxián

Tickle (-ed): facer cóxegas

Timely: oportuno

Understatement: expresión moderada ou minimizada

Witty: enxeñoso, chistoso

Zany: excéntrico